

TEMA 5  
A POESÍA GALEGA  
ENTRE 1936-1976

# CONSECUENCIAS DA SUBLEVACIÓN MILITAR DE 1936

- Freo dos avances producidos no período 1900-1936
- Represión e censura sobre a literatura galega
- Negación da diversidade lingüística e cultural do Estado.
- Natureza represiva do poder
  - asasinatos (Bóveda)
  - exilio (Castelao)
  - desvinculación política (Risco)

- **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA**
  - Prohibición do uso escrito do galego
  - Perda de prestixio social (incremento dunha política destinada a promover o autoodio)
    - retroceso en xeracións novas e ámbitos urbanos
  - Silencio da literatura galega en Galicia ata fins dos anos 40
  - Mantemento da actividade cultural no exilio

# LIÑAS TEMÁTICAS POESÍA GALEGA DE POSGUERRA

## TRADICIÓN MEDIEVAL

**Cancioneiros**

## TRADICIÓN DO SÉCULO XIX

**Paisaxismo Poesía combativa Intimismo**

NORIEGA VARELA

CABANILLAS

NEOTROBADORISMO

BOUZA BREY  
Á. CUNQUEIRO

HILOZOÍSMO

AMADO  
CARBALLO

RURALISMO

CRECENTE  
VEGA

VANGARDISMO

MANUEL ANTONIO  
ÁLVARO CUNQUEIRO

G U E R R A C I V I L

**ESC. NEOTROBADOR.**

A. CUNQUEIRO  
ÁL.V. BLÁZQUEZ

**ESC. HILOZ.**

EMILIO PITA

**RURALISMO**

IGLESIA ALVAR.  
DÍAZ CASTRO

**PAISAXISMO**

UXÍO NOVONEYRA  
MANUEL MARÍA

**POESÍA SOCIAL**

C.E.FERREIRO  
M. MARÍA  
L. SEOANE  
L. VARELA

**INTIMISMO**

M. MARIÑO  
L. PIMENTEL

**CLASICISMO**


Á. CUNQUEIRO  
IGL. ALVARÍO  
CARB. CALERO

**ESCOLA DA TEBRA**

CUÑA NOVÁS  
A. TOVAR  
B. GRAÑA

# RECUPERACIÓN POESÍA GALEGA DE POSGUERRA

- 1947



# XERACIÓNS POESÍA GALEGA 1936-76

|                                                                |                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>XERACIÓN DO 36</b><br>Nacidos entre 1909 e 1920             | Iglesia Alvariño<br>Díaz Castro<br>Celso E. Ferreiro<br>María Mariño<br>Álvarez Blázquez    | Participan na Guerra Civil, que está moi presente na súa obra. Cultivan tendencias de preguerra e desenvolven as temáticas social-realista, intimista radical e clasicista                                                                                                                                                              |
| <b>PROMOCIÓN DE ENLACE</b><br>Nacidos entre 1920 e 1930        | Antón Tovar<br>Luz Pozo Garza                                                               | Inícianse baixo a influencia da poesía española. De formación autodidacta, móvense entre o intimismo, a angustia existencial e o compromiso social                                                                                                                                                                                      |
| <b>XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS</b><br>Nacidos en 1930 e 1940 | Uxío Novoneyra<br>Méndez Ferrín<br>Manuel María<br>Bernardino Graña<br>Avilés de Taramancos | <ul style="list-style-type: none"><li>-De formación universitaria e influídos polas correntes literarias europeas, cultivan unha poesía comprometida onde se mesturan social-realismo e existencialismo (Escola da Tebra).</li><li>- Déronse a coñecer nas Festas Minervais (certames celebrados na Universidade nos anos 50)</li></ul> |

XERACIÓN DO 36

## AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Temática: paisaxismo  
ruralista, continuadora  
de Noriega Varela.

Gran coñecedor da  
poesía grega e latina,  
emprega con mestría a  
métrica clásica:  
sonetos, hendecasílabos  
brancos...

Na parte final da súa  
obra, cobra máis peso a  
temática angustiada e  
de reflexión  
existencial

*Señardá (1930)*

*Cómaros verdes (1947)*


*Lanza de soedá (1961)*



## CELSO EMILIO FERREIRO



- É o autor máis importante desta xeración e o principal representante da **poesía social**.
- A súa poesía comprometida foi un referente básico na resistencia antifranquista.
- As temáticas reivindicativas (solidariedade cos oprimidos, defensa do idioma, denuncia dos males da sociedade: fascismo, guerra, inxustiza, emigración) complementáanse coas **liñas intimista e satírica**
- Principais obras: *O soño sulagado*, *Viaxe ao país dos ananos*, ***Longa noite de pedra***.
  - obra de culto da loita contra a ditadura.
  - O título é unha metáfora da situación que se vive durante o réxime
  - sinxeleza expresiva, rexistro ás veces coloquial; importancia da mensaxe: a poesía é unha arma de concienciación social que debe ser accesíbel a calquera lector





# ÁLVAREZ BLÁZQUEZ




## • OBRAS

- *Roseira do teu mencer*
- *Cancioneiro de Monfero*


## • TEMÁTICA:

- popularismo
- hilozoísmo
- neotrobadorismo
- temática social
- intimismo



# PROMOCIÓN DE ENLACE

# ANTÓN TOVAR



- A súa obra está marcada por unha forte pegada existencialista, cunha reflexión, en ton pesimista, sobre o sentido da vida e da morte.
- A finais dos 60, a súa poesía adquire unha preocupación social intensa, cunha expresión caracterizada polo prosaísmo e a sinxeleza.

*Non* (1967)

*O vento no teu colo*  
(1974)

*Calados esconxuros*  
(1980)



# LUZ POZO GARZA



- Fronte ao ton pesimista dos seus compañeiros de xeración, cultiva unha poesía intimista de gran forza vitalista, onde se mesturan o amor, a sensualidade, o erotismo, as lembranzas...
- Nos últimos libros aparece unha temática máis desacougante e algunhas trazas de social-realismo.

*O paxaro na boca*  
(1952)


*Verbas derradeiras*  
(1972)

*Códice calixtino* (1986)



# XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

# UXÍO NOVONEYRA




- O máis salientábel da súa lírica é **a temática paisaxista**, presentada como un diálogo co medio natural desde unha perspectiva transcendente, ás veces mística e panteísta.
- A natureza convértese nun instrumento para reflexionar sobre a natureza humana.
- Tamén presenta unha **vertente social**, comprometida con Galiza e coa loita antiimperialista e antibelicista.

*Os eidos* (1955)

*Elexías do Caurel*  
(1966)


*Os eidos 2* (1974)

*Poemas caligráficos*  
(1979)



# MANUEL MARÍA

- Comeza a súa obra poética desde os **presupostos intimistas e existencialistas** da “Escola da Tebra”.
- Posteriormente, decántase cara **ao descritivismo paisaxista e a poesía de compromiso social**: defensa das clases populares, reivindicación nacional de Galiza e crítica da tiranía e do imperialismo.
- A sinxeleza da expresión e a temática popular contribúen á súa grande aceptación social.



- *Muiñeiro de brétemas*
- *Morrendo a cada intre*
- *Terra chá*
- *Documentos personaes*
- *Os sonhos na gaiola*



# BERNARDINO GRAÑA



- Traxectoria común á maioría dos membros da súa xeración: inicio na órbita da “Escola da Tebra” e posterior achegamento á poesía social e a outras temáticas máis intimistas.
- A súa poesía, de marcado ton vitalista, trata de maneira singular o tema do mar; nas últimas obras adquire maior peso a vivencia amorosa e o sentimento de alienación do ser humano nunha sociedade mercantilizada en exceso.

*Profecía do mar* (1966)

*Non vexo Vigo nin  
Cangas* (1975)

*Se o noso amor e os  
peixes...* (1980)





# MÉNDEZ FERRÍN



- Actual presidente da Real Academia Galega, Ferrín, ademais de ser un principais narradores da actualidade, representa unha referencia esencial na poesía deste período.
- Constitúe o gupo Brais Pinto, xunto con Bernardino Graña, Alexandre Crieiro e outros autores.
- Iníciase na poesía seguindo a corrente estética da “Escola da Tebra”, manifestando sempre unha predilección pola poesía comprometida.
- *Voce na néboa*
- *Con pólvora e magnolias* (1976)
- *Poesía enteira de Heriberto Bens*
- *O fin dun canto*



# *CON PÓLVORA E MAGNOLIAS*

- Supón un auténtico revulsivo na poesía galega da década dos 70
- Renova a poesía de reivindicación social, dándolle un enfoque menos tópico e “panfletario” e introducindo elementos estéticos novidosos e abundantes referencias culturais
- O libro combina dúas vetas: a da proclama política (a pólvora) e a da introspección persoal e intimista (as magnolias)
- Ademais da liña comprometida, están moi presentes no poemario o erotismo, o gozo da vida, o paso do tempo e a morte
- Formalmente, destaca polo versolibrismo, as longas series estróficas e a alternancia de prosaísmo narrativo e expresión máis refinada


# **TEMA 6:**

## **A PROSA ENTRE 1936 E 1976**

FOLE  
BLANCO AMOR  
CUNQUEIRO  
NEIRA VILAS

# RECUPERACIÓN NARRATIVA GALEGA POSGUERRA

1951: *A xente  
da Barreira*  
(Ricardo  
Carballo  
Calero)



# XERACIÓNS DE NARRADORES

| EXILIO                  | NARRATIVA<br>DE<br>POSGUERRA | NOVA<br>NARRATIVA<br>GALEGA | ÉPICA<br>RURAL |
|-------------------------|------------------------------|-----------------------------|----------------|
| -Ramón de<br>Valenzuela | -Blanco Amor                 | -Méndez<br>Ferrín           | - Neira Vilas  |
| -Silvio<br>Santiago     | -Cunqueiro                   | -Carlos<br>Casares          |                |
|                         | -Fole                        | -María Xosé<br>Queizán      |                |

# ENSAIO GALEGO DE POSGUERRA

- Paralización nos primeiros anos
- Avance a partir de 1950 con:
  - Editorial Galaxia
  - Cadernos *Grial*

**PRIMEIRA XERACIÓN:**  
seguidores da tradición  
universalizadora da  
Xeración Nós (Piñeiro,  
Fernández de la Vega)

- **O ENSAIO A PARTIR DOS 60**
  - Diversificación e abundancia
  - Tipoloxía:
    - ensaio literario
    - ensaio sociolingüístico (Alonso Montero)
    - ensaio económico (X. M. Beiras)
    - ensaio teolóxico


| LIÑAS E NÚCLEOS TEMÁTICOS                          | CARACTERÍSTICAS                                                                                                       | AUTORES E OBRAS                                                                                                            |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CONTINUADORA DA XERACIÓN NÓS                       | Diversificación de temas (históricos, realistas, tradicionais) e das técnicas (rupturas temporais, monólogo interior) | <i>A xente da Barreira</i><br>( <i>Carballo Calero</i> )<br><i>Entre a vendima e a castañeira</i> ( <i>Otero Pedrayo</i> ) |
| GUERRA E REPRESIÓN FRANQUISTA<br>( <b>exilio</b> ) | Crónicas realistas sobre a Guerra Civil e a inmediata posguerra                                                       | <i>O silencio redimido</i> ( <i>Silvio Santiago</i> )<br><i>Non agardei por ninguén</i><br>( <i>Ramón de Valenzuela</i> )  |
| IMAXINACIÓN                                        | Recrea mundos míticos e fantásticos de orixe árabe ou nórdica mesturándoos con elementos da cultura galega popular    | <i>Se o vello Simbad volveuse ás illas</i><br><i>Merlín e familia</i><br>( <i>Cunqueiro</i> )                              |
| CONTO POPULAR                                      | Reprodución literaria do conto popular mantendo os trazos do relato oral                                              | <i>Á lus do candil; Terra Brava</i><br>( <i>Fole</i> )<br><i>Escola de menciñeiros</i><br>( <i>Cunqueiro</i> )             |
| REALISMO SOCIAL                                    | Céntrase na vida das clases populares e no espazo urbano. Novas técnicas                                              | <i>A esmorga; Xente ao lonxe</i><br>( <i>Blanco Amor</i> )                                                                 |

# E. BLANCO AMOR

**Características renovadoras** que posteriormente desenvolverán os autores da Nova Narrativa Galega: espazos urbanos, personaxes marxinais, temática realista, expresión coloquial...

As súas obras están ambientadas en Auria (Ourense) e nelas predomina o narrador en 1ª persoa.

**Temas** recorrentes: o mundo da infancia e da adolescencia, as relacións familiares, a violencia, a marxinação, a represión política e lingüística, o afastamento da política das necesidades da xente...



Obras:

*A esmorga (novela),*

*Os biosbardos (colección de relatos):* sete relatos con matices autobiográficos contados por un narrador infantil ou adolescente en primeira persoa.

*Xente ao lonxe (novela):* novela total- visión global da vida e a sociedade da época.





- É unha das novelas máis importantes e influentes da literatura galega. Conta a historia de tres homes que, durante un día de esmorga, viven unha serie de tráxicas peripecias que os conducen á morte e ao cárcere

### Algunhas características formais renovadoras:

- ▶ Redución temporal (a acción principal redúcese a 24 horas)
- ▶ Ambientación urbana ou periurbana
- ▶ Personaxes marxinais, problemáticos, movidos pola violencia e as fobias
- ▶ Técnica "telefónica"
- ▶ Linguaxe popular, coloquial
- **Significación:** é unha novela sociolóxica na que se presentan dous mundos enfrontados que se rexen por códigos e normas diferentes: o do poder, asociado á opresión e ao emprego do castelán e o das clases populares, ignorantes e alienadas, asociadas ao emprego do galego, que sofren, nunha atmosfera de fatalismo, as consecuencias dunha sociedade opresiva

- **Os personaxes:** grande número de personaxes, que representan todos os estratos sociais. Cibrán, o protagonista e narrador: home sen vontade, incapaz de gobernar a súa propia vida, déixase arrastrar cara á traxedia; Bocas: irreflexivo, violento e de forte personalidade; Milhomes: covarde e efeminado

- **Distribución estrutural:** tres partes: un prólogo no que un autor-editor descobre a historia que se vai contar ("Documentación"), declaración perante o xuíz de Cibrán, que constitúe o núcleo argumental da obra e un breve epílogo no que a autor-editor reaparece para informar da morte de Cibrán.

# CUNQUEIRO



## CARACTERÍSTICAS DA SÚA NARRATIVA:

- Creación dun universo literario singular, froito da combinación do mito, a tradición, o popularismo e a experiencia do cotián, e desbotando a temática social.
- Atracción polo exotismo e as temáticas universais
- Gusto polo relato breve
- Presenza do humor e da ironía, sempre de maneira sutil e amábel
- Lirismo e poeticidade
- Mestura do real co fantástico
- Estilo influenciado polas narracións tradicionais.
- Combina lingua culta e lingua popular.
- Intertextualidade: referencias a outros textos literarios

## Novelas:

- *Merlín e familia*: Merlín recibe no seu pazo a visita de viaxeiros que lle presentan o seu caso e solicitan o seu consello


- *As crónicas do Sochantre*: un eclesiástico é recollido por unha carruaxe na que varios defuntos lle relatan as súas historias

- *Si o vello Sinbad volveuse ás illas*: un Sinbad vello conta historias pasadas, mentres agarda en van conseguir unha nova nave que lle permita regresar ás aventuras do mar

## -Narrativa breve: as semblanzas:


- *Escola de menciñeiros* , *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes* : están integradas por relatos moi breves, centrados nun personaxe peculiar ou insólito que retrata un conxunto de tipos populares galegos. Mestura trazos realistas e imaxinarios con doses de humor. Supoñen unha excelente mostra do realismo fantástico

## ÁNXEL FOLE



### LIBROS DE CONTOS ENCADRADOS NO REALISMO POPULAR:


- *Á lus do candil* (ambientación rural)
- *Terra Brava* (ambientación rural)
- *Contos da néboa* (ambientación urbana)
- *Historias que ninguén cre* (ambientación urbana)



### CARACTERÍSTICAS DOS CONTOS DE FOLE

- Protagonismo da Galicia rural que o autor describe con detalle (as xentes, a paisaxe)
- Baséase na tradición da narrativa oral popular en temas (lendas, supersticións, contos de lobos...) e técnicas.
- Mestura humor e medo, realidade e elementos máxicos
- Recrea a fala das terras luguesas reproducindo trazos dialectais.

## NEIRA VILAS



### CARACTERÍSTICAS DA SÚA NARRATIVA:

- De carácter máis tradicional que os seus coetáneos, mostra cun tratamento cruamente realista a vida da Galiza rural e da emigración. Os conflitos dos personaxes xorden do enfrontamento co medio, da loita cotiá pola sobrevivencia.
- A súa obra pode integrarse no **realismo social**.
- **Coetáneo da Nova Narrativa** non participa do proceso de renovación temática e técnica deste movemento.

En *Memorias dun neno labrego*, a súa novela máis importante, narra, desde a óptica crítica dun neno (Balbino), a vida de miseria e opresión dunha aldea galega da posguerra

### CLASIFICACIÓN TEMÁTICA:

- Vivencia infantil no mundo da aldea: *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo...*
- Mundo rural observado desde un punto de vista do adulto: *Xente no rodicio*, *Querido Tomás...*
- Emigración: *Camiño bretemoso*, *Remuíño de sombras...*
- Estampas líricas e semblanzas: *Lar*, *Nai...*

**TEMA 7:**  
**A NOVA NARRATIVA**  
**GALEGA**

# CRONOLOXÍA:

- anos 60-70 do  
S. XX


## NOVA

### NARRATIVA:

heteroxéneo grupo de  
autore e autoras que entre  
os anos 60 e 70  
propiciaron unha profunda  
revisión das tendencias  
narrativas anteriores.

## AUTORES:

- Rodríguez Mourullo
- Méndez Ferrín
- Carlos Casares
- María Xosé Queizán





- A publicación en 1954 de *Nasce unha árbore* de Rodríguez Mourullo marca o inicio da Nova Narrativa Galega, que terá a súa fase de auxe na década seguinte, coa publicación de importantes obras de Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán e Carlos Casares.
- Desde a súa orixe, incorporan as técnicas e temáticas que están a renovar o panorama literario internacional
- A partir de 1968 e até 1980 (ano de publicación de *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar) estes au-tores van abandonando progresivamente a experimentación formal



## INFLUENCIAS

- JAMES JOYCE e a "corrente da conciencia" (monólogo interior) que pretende mostrar os pensamentos dos personaxes "en bruto", sen ningún tipo de elaboración racional; ruptura da orde cronolóxica lineal
- Os autores do "NOUVEAU ROMAN" francés, denominación na que se inspira este movemento (Robbe-Grillet, Nathalie Sarraute, Michel Butor...), que experimentaron cunha narración obxectalista na que, cun desenvolvemento mínimo de acción, se describe con minuciosidade o entorno físico
- FRANZ KAFKA, na caracterización de personaxes atormentados e incapaces de gobernar o seu propio destino e na plasmación dunha realidade absurda que se vive como un pesadelo
- JOHN DOS PASSOS e W. FAULKNER, no emprego do pluriperspectivismo e a "narración cinematográfica"

## CARACTERÍSTICAS TEMÁTICAS E FORMAIS

**TEMÁTICA:** Expresión do absurdo da existencia, pesimismo, desesperanza; asasinatos, suicidios, fracasos persoais, amor insatisfeito, soidade, illamento, episodios patolóxicos...

**PERSONAXES:** Perdidos, desnorteados, movidos polas circunstancias, sen control do seu destino, violentos, agresivos, solitarios, desequilibrados, autodestrutivos... antiheroes

**TEMPO:** Gusto pola ruptura da orde cronolóxica (analepeses, prolepses...), redución radical do tempo

**ESPAZOS:** Maioritariamente urbanos ou suburbiais. Fuxida consciente do ruralismo. Ambientes claustrofóbicos, sórdidos. Cosmopolitismo, localizacións estranxeiras

**NARRADOR:** Preferencia pola primeira persoa protagonista e as perspectivas obxectivistas, que mostran a historia sen explicala, multiperspectivismo, monólogo interior

**ESTILO:** Simple, oracións curtas, marcada tendencia ao coloquialismo, fuxida da retórica; descrições de natureza obxectalista; gusto pola mestura de xéneros, pola narrativa "collage"

## AUTORES

### ► RODRÍGUEZ MOURULLO:

*Nasce unha árbore* marca o inicio da NNG. Consta de tres relatos que se enmarcan nun ambiente de irrealidade, simbolismo, subxectivismo, con mestura da fantasía e o pluralidade de voces narrativas

*Memorias de Tains* está composto por oito cartas que conteñen historias entrelazadas, radicadas nunha cidade imaxinaria xa desaparecida, que presentan unha atmosfera de angustia, de pesadelo



### CAMILO GONSAR

Publica algunhas das novelas máis representativas do grupo: técnica obxecto-lista, temática sobre a violencia e o absurdo humano, ambientacións afastadas da realidade galega (Madrid, Nova York)...

Despois de *Cara a Times Square*, considerada o remate da NNG, publicará aínda varias novelas, xa afastadas dos presupostos deste movemento


# MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

- É autora dunha narrativa plural, onde toca as temáticas feminista (o seu compromiso coa causa feminista é esencial na súa vida e na súa obra), histórica e infantil
- A súa primeira novela, *A orella no buraco*, enmárcase de cheo na estética da NNG. Narra a biografía dun emigrante fracasado, desde a atemporalidade e a partir de sucesivos monólogos. Nótase unha grande influencia do *nouveau roman* na descrición obxectalista

*A orella no buraco* (1965)

*Amantia* (1984)

*A semellanza* (1988)





# MÉNDEZ FERRÍN

As súas tres primeiras obras encádranse claramente dentro das características da NNG: personaxes problemáticos (violentos, incomunicados, con diversas patoloxías...), espazos urbanos, estilo menos elaborado....

A partir de *Retorno a Tagen Ata* (1971), o experimentalismo vaise reducindo, ao tempo que a realidade social e política galega vai cobrando máis peso.

## CARACTERÍSTICAS:

- Constante relación entre realidade e fantasía
- Reconstrución e interpretación dun pasado mítico que remite á cultura celta ou á materia artúrica
- Profusión de topónimos e antropónimos de aparencia céltica, oriental ou nórdica: Ulm, Nmógadah, Grieih...
- Creación de espazos literarios propios cargados de simbolismo: Tagen Ata, Terra Ancha, Grande Fraga...
- Grande presenza de intertextualidade: personaxes, espazos, situacións, que se van repetindo en obras diferentes e incorporación de elementos literarios doutros autores.



## OBRAS

*Percival e outras historias*

*O crepúsculo e as formigas*

*Arrabaldo do norte*

*Retorno a Tagen Ata*

*Bretaña, Esmeraldina*

*No ventre do silencio*

## CARLOS CASARES

**Etapa de renovación formal**, ligada á nova estética da NNG: abrangue *Vento ferido*, *Cambio en tres* e *Xo guetes pra un tempo prohibido* : realidade desacougante e opresiva, monólogo interior, obxectivismo, emprego da 2ª persoa, presenza de elementos autobiográficos, ambientes predominantemente urbanos...

- **Etapa de madurez** (*Os escuros soños de Clío*, *Ilustrísima*, *O sol do verán*): novelas máis realistas, centradas en situacións históricas de distintos períodos do século XX, sen renunciar ao elemento fantástico. Constante aparición do Mal, orixinado pola mentira, a calumnia, o engano... como motor dos conflitos sociais. Gusto polo humor, a ironía, a parodia

